

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

Xefatura Territorial de Pontevedra

Rúa Fernández Ladreda, 43-5º

36003 Pontevedra

Asunto: Alegacións á RESOLUCIÓN do 15 de decembro de 2021, da Xefatura Territorial de Pontevedra, pola que se somete a información pública o estudo de impacto ambiental e as solicitudes de autorización administrativa previa e de construción e aprobación do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal (proxecto de interese autonómico) e declaración de utilidade pública do proxecto do parque eólico Monte Festeiros, emprazado nos concellos de Silleda e Forcarei da provincia de Pontevedra (expediente IN661A 2011/2-4), DOG Núm. 13, de 20 de xaneiro de 2022.

Don/Dona _____ con DNI _____,
con domicilio a efectos de notificación en _____, municipio de _____, provincia _____, teléfono _____.

EXPÓN:

Á vista da Resolución do 15 de decembro de 2021, da Xefatura Territorial de Pontevedra, pola que se somete a información pública o estudo de impacto ambiental e as solicitudes de autorización administrativa previa e de construción e aprobación do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal (proxecto de interese autonómico) e declaración de utilidade pública do proxecto do parque eólico Monte Festeiros, emprazado nos concellos de Silleda e Forcarei da provincia de Pontevedra (expediente IN661A 2011/2-4), DOG Núm. 13, de 20 de xaneiro de 2022, por medio do presente escrito realízanse as seguintes **ALEGACIONES**:

1. Respecto do procedemento administrativo faise constar a falta de información sobre o proxecto aos afectados e á cidadanía en xeral con vulneración de dereitos fundamentais. Realizáronse distintos trámites e xestións con total opacidade e sen garantir unha participación real e efectiva no procedemento, non se realizou unha exposición pública do expediente conforme a lei nos Concellos afectados. Incumprindo as garantías de participación do público na toma de decisións en materia do medio ambiente, recollida no Convenio de Aarhus, no artigo 45 da Constitución española e na Lei 27/2006 (incorpora as Directivas 2003/4/CE e 2003/35/CE) así, como no artigo 9 da Lei 21/2013 de Avaliación Ambiental. Todo isto, agravado aínda máis pola tramitación de urxencia do proxecto debido á inustificada declaración de iniciativa empresarial prioritaria que dende a entrada en vigor da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, reduce o prazo de alegacións á metade, 15 días, cando a sección terceira da Sala do Contencioso administrativo do TSXG acaba de anular a repotenciación do PE O Roncudo (Corme) entendendo que esta redución é contraria á normativa europea (DOUE-L-2014-80824) que fixa un prazo mínimo de 30 días para a tramitación ambiental e por facelo sen presentar os informes sectoriais impedindo que as persoas interesadas poidan exercer de forma plena o seu dereito a participar, que neste caso na documentación sometida a información pública tampouco aparece informe sectorial ningún.

2. Que a tramitación ambiental do PE Monte Festeiros incorre en fraude de lei. É unha fragmentación irregular de proxectos eólicos con respecto ao PE Outeiro Grande, xa que os EIA se realizan de forma separada cando en realidade se trata dun único gran parque eólico, impedindo unha avaliación ambiental correcta de tódolos impactos acumulativos, cunha información pública sesgada cara a cidadanía e outras administracións. Ambos parques presentan unha continuidade física (<3km) e se conectarán, xunto con outros da mesma promotora (Pico Touriñán) ou outras (Afrende), á SEC Arela e usarán as liñas de evacuación conxuntas (téñase en conta o artigo 21 da Lei 24/2013, do Sector Eléctrico) que se valoran e se tramitan de xeito fragmentado, un macroxecto en conxunto con 4 parques e máis de 24 km de liñas de alta tensión con graves afeccións nunha cantidade desproporcionada de territorio e as persoas que o habitan e ao que hai que unir os efectos acumulativos e sinérxicos de outras infraestruturas xa construídas e indebidamente valoradas no presente EIA (PE Masgalán-Campo do Coco, Couto de San Sebastián, Campo das Cruces e Ameixeiras Testeiro e evacuacións, especialmente a LAT Travesas -Cartelle que xa afecta de maneira significativa ao territorio onde pretende implantarse Monte Festeiros) ou en distintos estados de tramitación (PE Tramontana, Afrende, Borreiro, Cabanelas, Pedra Longa, As Penizas, Ampliación As Penizas, Targos, etc.) que provocaría unha saturación ambiental da contorna absolutamente insostible dende moi diversos eidos. Cómpre lembrar ao respecto da división artificial de proxectos a STSJ GAL 5691/2020 - ECLI: ES: TSJGAL: 2020:5691 de data 09/11/2020 e a (Sentencia doTSJ Castilla y León de Burgos, de 13 de Julio de 2012 e Sentencia del TS 345/2018, de 5 de marzo).

3. Que o PE Monte Festeiros e infraestruturas asociadas é moi prexudicial para a calidade de vida dos veciños dos pobos da contorna (A Reigosa, Filloi, Narellas, Valiñaxemia, Taboadelos, Masgalán, Tixoa, Santa Mariña, Pardellas, Currospedriños, etc.) pola proximidade excesiva dos aeroxeradores e a LAT e demais afeccións negativas, que se rexe por leis desfasadas sen ter en conta as proporcións e características das instalacións eólicas actuais, agravando afeccións na saúde física e psicolóxica das persoas como o ruído, "efecto sombra" ou os que terán os campos electromagnéticos, que se ben nalgún caso se presentan estudos, estes non contemplan de forma sinérxica os efectos con outros parques xa construídos ou en tramitación na contorna. Ademais as vivendas e terras da zona perderán valor ao encadrarse dentro da poligonal do PE e polo efectos negativos do mesmo (impacto visual e paisaxístico, contaminación acústica e lumínica, perda de calidade de vida, sinais de televisión, teléfono e radio etc.). Unha poligonal inustificadamente sobredimensionada na que quedan aldeas enteiras supeditadas aos intereses da promotora e a un gravame considerable a efectos de perda de valor da propiedade, liberdade dos

seu uso ou expropiación para ampliacións ou modificacións. Ademais, o proxecto non supón un retorno económico relevante para a zona nin se garante a creación de emprego. As repercusións económico sociais que se expresan no proxecto non están fundamentadas non se está facendo unha avaliación correcta dos efectos socioeconómicos nos termos que se establecen no anexo VI.2.a da Lei 21/2013 de avaliación ambiental.

4. Que o PE Monte Festeiros afectará moi negativamente á economía local, sector forestal e turístico, entre outros, e especialmente ao sector agrogandeiro, xa que este se empra sobre zonas de gra produtividade agrogandeira dos concellos de Forcarei e Silleda, con afectacións e impactos moi graves sen avaliar no EIA. Fragmentación das explotacións e perda de base territorial, ocupando terra de uso agrícola e gandeiro para pasto vacún, con propiedades consideradas superficie agraria útil vinculada a explotacións para aproveitamento e suxeitas aos criterios de percepción de pagos directos dentro da PAC. A construción do parque presenta, ademais, contradicións cos procesos de concentración parcelaria en trámite, en execución ou xa executados na zona. Cómpre ter en conta que núcleos como Filloi e Valiñaxemia e a parroquia de Pereira están tamén moi afectados polo parque eólico Tramontana, feito obviado pola mercantil promotora. Tampouco se avalían as posibles afeccións das instalacións eólicas e infraestruturas asociadas sobre o gando ou sobre outros produtos agroalimentarios como a mel.

5. O PE Monte Festeiros suporá unha serie de afeccións severas sobre o patrimonio natural incorrendo nunha incorrecta avaliación dos posibles impactos e vulnerando unha serie de normativas: Vulneración da Directiva 92/43/CEE, relativa á Conservación de Hábitats Naturais e da Fauna e Flora Silvestres. Incompatibilidade coa fauna local pola existencia de especies vulnerables. Téñase en conta a Directiva 2009/147/CE de Conservación de aves silvestres e a Lei 5/2019 de Patrimonio Natural de Galicia. Plan de Xestión do Lobo. O proxecto afecta directamente a zonas de encame e puntos de encontro da especie. Afeccións moi severas sobre a Rede Natura 2000 e a súa coherencia sen que se faga no presente EIA unha adecuada e exhaustiva avaliación das repercusións, expresamente regulado nos arts. 3.1 e 10 da Directiva 92/43 de Hábitats e art.46 da Lei 42/2007 do Patrimonio Natural e a Biodiversidade (razoamento xurídico Oitavo da STSJ GAL 6192/2020) en relación ao artigo 46 da Lei 42/2007. Afección severa e perxuízos irreversibles sobre humidais, brañas e turbeiras, algunhas non inventariados pola Xunta de Galicia e obviadas no EIA do proxecto.

6. O PE Monte Festeiros producirá unha afección severa aos recursos hídricos e supoñen unha conculcación da Directiva Marco da Auga (DMA) agravado pola ausencia dun estudo hidrolóxico e hidroxeolóxico que garanta a non afección ós acuíferos e á calidade das masas de auga tanto superficiais como soterradas. Os grandes movementos de terras, perforacións e outras obras necesarias para a construción do parque eólico e a liña de evacuación poden afectar gravemente ós acuíferos, mananciais e á rede hidrográfica. Existe unha afección significativa para unha serie de cauces. Así mesmo, óbvianse a meirande parte dos cauces innominados e fontes, as captacións de auga para o uso humano e agrogandeiro e a multitude de manancias e fontes que hai na poligonal do parque eólico e no traxecto da liña de evacuación.

7. O PE tería un impacto paisaxístico severo, afectando gravemente á paisaxe que supón un elemento cultural e natural de inmenso valor para a sociedade e é un activo económico e social. Afeccións directas sobre ás Áreas de Interese Paisaxístico (AEIP) Serra do Candán e Montes Testeiros, Monte de San Sebastián e Coto de Codeseda. Afección sobre o Camiño de Santiago e sobre miradoiros, rutas de sendeirismo, áreas recreativas e elementos patrimoniais. O Estudo de Impacto e Integración Paisaxística (EIP) non se adapta ó Regulamento da Lei da Paisaxe (Decreto 93/2020) e ás Directrices de Paisaxe (Decreto 238/2020) e presenta defectos na metodoloxía. O PE e a súa liña de evacuación unidos aos parques xa existentes ou en tramitación no mesmo ámbito xeográfico terán un importante impacto visual e paisaxísticos sobre os núcleos de poboación próximos e suporá unha grave fragmentación dos hábitats e os ecosistema transformando as paisaxes de mosaicos agroforestais nunha de carácter industrial inzada de muíños e liñas de alta tensión. O proxecto afectará tamén de maneira irreversible a lugares identitarios para a poboación e que son obviados pola mercantil promotora.

8. Afección severas ao Patrimonio Cultural e arqueolóxico e a súa descontextualización. A zona na que se pretende implantar o PE e a súa liña de evacuación ten unha riqueza patrimonial e cultural moi grande que se verá gravemente afectada. Véxase todo o patrimonio arqueolóxico presente (castros, mámoas, petróglifos, neveiros, foxos do lobo...), arquitectónico, etnográfico ou inmaterial sen que haxa un estudo rigoroso sobre as afeccións (téñase en conta a Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia). Patrimonio cultural inmaterial sen avaliar.

En virtude do anterior, **SOLICITA:** O rexeitamento da autorización administrativa e a non execución do proxecto do parque eólico Monte Festeiros, emprazado nos concellos de Silleda e Forcarei da provincia de Pontevedra (expediente IN661A 2011/2-4), DOG Núm. 13, de 20 de xaneiro de 2022, por infracción normativa, pola invalidez do documento ambiental e da súa tramitación, do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal e polo tanto a ausencia de utilidade pública algunha ou interés autonómico.

Véxase o documento de ampliación como anexo ás presentes alegacións: <https://terrademontesenperigo.com/wp-content/uploads/2022/01/AMPLIACION-ALEGACIONES-PE-MONTE-FESTEIROS.pdf>

Véxase o documento INFORME DA COMISIÓN TÉCNICA TEMPORAL SOBRE ENERXÍA EÓLICA E PAISAXES CULTURAIS EN GALICIA: <http://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=4437>

Forcarei, 1 de febreiro de 2022

Asdo.-_____